

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 27 DE MARZO DO 2025.

ASISTENTES:

<p><b>Presidente:</b> PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p><b>Membros que asisten:</b>  MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p><b>Interventor:</b> BAO CASTRO PABLO</p> <p><b>Secretario Xeral:</b> SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p><b>Membros que non asisten:</b></p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte e sete de Marzo do Dous mil vinte e cinco, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

### 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 20/03/2024

### 2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/325

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 20/03/2025. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A REALIZACIÓN DE "ACTUACIÓN DE REFORZO E EXTENSIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA PARA DAR SERVIZO AO NOVO POLÍGONO INDUSTRIAL DE RIBEIRA""

### 3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/366

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 21/03/2025. DECRETO: "ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE DA ACTUACIÓN - MONÓLOGO "GENERACIONAL", DO ARTISTA AGUSTÍN JIMÉNEZ"



---

#### 4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/378

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 21/03/2025. DECRETO: "ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ACTUACIÓN – ESPECTÁCULO TRIBUTO MUSICAL "EL FANTASMA DE LA ÓPERA""

---

#### 5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/386

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 21/03/2025. DECRETO: "APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DOS TRABALLOS DE DEMOLICIÓN DE EDIFICIO DE PLANTA BAIXA E CATRO PLANTAS ALTAS E REXENERACIÓN URBANA"

---

#### 6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/399

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 24/03/2025. DECRETO: "EXCLUSIÓN DE OFERTA CON VALORES ANORMALMENTE BAIXOS, E REQUERIMENTO AO SEGUNDO CLASIFICADO PARA A XUSTIFICACIÓN DA SÚA OFERTA"

---

#### 7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

4348 24.02.2025 FRANCISCO JAVIER ALVAREZ PORTAS, reforma de piso -un baño-, na Praza de Pontevedra, 1, Es: 1, Pl:02, Pt:A, Ribeira.

---

#### 8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

4448 25.02.2025 JUAN FRANCISCO BRIÓN MANEIRO, reparación de terraza-impermeabilización e solado, no lugar de Salmón, nº 9-B, Oleiros.

---

#### 9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente,



segundo a seguinte relación:

4526 25.02.2025 JOSÉ ANTONIO SAMPEDRO SAMPEDRO, reposición de pavimentos na acera, na rúa Xunqueira, nº 42, Aguiño.

**10.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA. PROMOTORES: MANUELA PENA RECAMÁN - ÁNGEL JOSÉ MONTEAGUDO SAMPEDRO. LUGAR: CAMPOS DE ARRIBA, POLÍGONO 821, PARCELA 879, CARREIRA, RIBEIRA**

**VISTA a solicitude de licenza urbanística de obra maior para licenza de obra maior para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, no lugar de CAMPOS DE ARRIBA, POLÍGONO 821, PARCELA 879, CARREIRA, RIBEIRA, da que son promotores Dna. Manuel Pena Recamán e D. Ángel José Monteagudo Sampedro**

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de día **12 de xullo de 2024**, así como **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** o día **12 de setembro de 2024** en relación á **fianza para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar** que nos ocupa, valorada en **578,38 €**, o **informe do técnico de administración xeral** de data **13 de setembro de 2024** e o **informe do secretario xeral** da Corporación de data **17 de setembro de 2024**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO: - CONCEDER a Dna. Manuela Pena Recamán e D. Ángel José Monteagudo Sampedro LICENZA DE OBRAS (Nº 13/25) para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA** no lugar de Campos de Arriba, Polígono 821, Parecela 879, Carreira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A8210087900002B e 15074A821008790001XZ, achegándose Proxecto Básico modificado con sinatura dixital de día 11 de xullo de 2024 redactado polo arquitecto D. Alberto Pérez Saborido, (col. nº 4.773):

- Deberá presentar **Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.**
- Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 578,38 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**, segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial

**SEGUNDO.-** En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da



licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**TERCEIRO.** - A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**CUARTO:** -Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

**QUINTO:-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a



- producción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
  - A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
  - A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
  - Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.
  - As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
  - Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
  - Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

**SEXTO:** - Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.** - Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.** - Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**NOVENO.** - O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**DÉCIMO.** - Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia



*ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*

*-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*

*-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

#### 11.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Manuel Martínez Fernández

**Visto** o escrito presentado por **José Manuel Martínez Fernández**, de data 06/03/2025 (Registro de entrada nº 5.421), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A019012940001LY e sita na Rúa Almacén nº 23, Ameixida, Ribeira.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 17/03/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A019012940001LY e sita na Rúa Almacén nº 23, Ameixida, Ribeira.

#### 12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Teresa Blanco Frieiro

**Visto** o escrito presentado por **María Teresa Blanco Frieiro**, de data 18/03/2025 (Registro de entrada nº 6.381), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A006005500000KA e sita no lugar de Deán Grande nº 7, Ribeira.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 21/03/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A006005500000KA e sita no lugar de Deán Grande nº 7, Ribeira.





**13.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. MANUEL CASTIÑEIRA CAAMAÑO, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D. JOSÉ LUIS CAMPAÑA IGLESIAS E DA ENTIDADE LIBERTY SEGUROS S.A., POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 7219 HZB. EXPEDIENTE 2024 RESP000007.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. MANUEL CASTIÑEIRA CAAMAÑO, en nome e representación de D. JOSÉ LUIS CAMPAÑA IGLESIAS e da entidade LIBERTY SEGUROS S,A,,** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

Primeiro.- O día 22 de xullo de 2023, D. Jesús Campaña Parada circulaba pola Rúa Cristóbal Colón cara a Rúa Marcial Adalid, parroquia e municipio de Ribeira, no vehículo marca Dacia Sandero, con placas de matrícula 7219-HZB, propiedade de D. José Luis Campaña Iglesias e asegurado na compañía LIBERTY SEGUROS S.A., cando, no momento de querer incorporarse á Rúa Marcial Adalid, bateu cunha valla que se atopaba tirada na calzada, o que lle ocasionou diversos danos ó automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 28/01/2024, co número 202400002214, D. Manuel Castiñeira Caamaño, en nome e representación de D. José Luis Campaña Iglesias e da entidade LIBERTY SEGUROS S.A., promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados mais os xuros que legalmente procedan, reparación que cuantifica na contía total de 605,93 €, dos que solicita que 200 € se abonen a D. José Luis Campaña Iglesias e os 405,93 restantes, á entidade aseguradora LIBERTY SEGUROS S.A.

Co seu escrito achega a seguinte documentación:

- Escritura de apoderamento procesual, autorizada na data 24/01/2024 ante a Notaría de Ribeira, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Covadonga Vázquez López, co número 112 de protocolo.
- Escritura de poder de representación, autorizada na data 19/04/2006 polo Notario de Barcelona, D. José Félix Belloch Julbe, co número 1.589 de protocolo.
- Permiso de circulación do vehículo danado.
- Condicións particulares do seguro do vehículo accidentado.
- Parte de Servizo número 7638 emitido pola Policía local por mor do accidente.
- Informe pericial.
- Factura número 198/23 emitida por "Talleres Alca" pola contía de 405,93 €.
- Factura número 198/23 emitida por "Talleres Alca" pola contía de 200 €.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 21/01/2025 pola Policía local do Concello de Ribeira, ó que se acompaña o Parte de Servizo número 7638.
- Informe de data 17/01/2025 de ratificación do informe pericial elaborado polo perito Martín Bello Nieto.
- Informe emitido na data 13/02/2025 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación



de alegacións por parte do reclamante, realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 02/03/2025 co número 202500004903, e no que reitera a súa petición inicial.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

#### Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral





Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o/a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

**O Sr. Campaña Iglesias ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación**, por ser o titular do vehículo danado, tal e como resulta acreditado pola documentación que consta no expediente, entre ela, o permiso de circulación do automóbil.

Así mesmo, **a entidade LIBERTY SEGUROS S.A. ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ter asumido o custe de reparación de parte dos danos do vehículo que ten asegurado como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *"El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización."*

Actúan representados por D. Manuel Castiñeira Caamaño, que acredita debidamente a súa representación mediante a escritura de apoderamento procesual, autorizada na data 24/01/2024 ante a Notaría de Ribeira, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Covadonga Vázquez López, co número 112 de protocolo, e mediante a escritura de poder de representación, autorizada na data 19/04/2006 polo Notario de Barcelona, D. José Félix Belloch Julbe, co número 1.589 de protocolo.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, como titular do viario no que tivo lugar o accidente, segundo indica a enxeñeira municipal no seu informe, polo que o seu mantemento e conservación corresponde ó Concello de Ribeira. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local. Así mesmo, debe garantir as condicións de seguridade do viario da súa titularidade, de maneira que os vehículos que circulan polas rúas e estradas municipais o fagan con absoluta confianza.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo matrícula 7219HZB. Así se deduce das facturas de reparación dos danos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexos de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos**,



por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de mantemento das vías públicas.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local, que si tivo constancia do sucedido, emite informe na data 21/01/2025 no que dispón, entre outros aspectos, que:**
  - *La causa del suceso es el impacto de un obstáculo (valla) propiedad municipal al estar tirada en la vía por la cual discurre el tráfico siendo un obstáculo para los vehículos.*
  - *La valla es de color azul siendo propiedad municipal estando colocada por un dispositivo de la fiesta "A Dorna".*
  - *El punto de colisión entre el vehículo y el obstáculo es en el cambio de rasante estando dicha valla colocado en parte de la calzada.*
  - *El lugar del accidente fue un cambio de rasante en pendiente de gran elevación.*
  - *El lugar donde se produce el siniestro en el cambio de rasante entre Rúa Marcial Adalid y Rúa Cristóbal Colón donde es una gran pendiente, además de que la vía de Rúa Cristóbal Colón es la principal teniendo que realizar un cesa el paso. Que el conductor al encontrarse la valla tumbada e intentar mirar hacia la vía de incorporación le crea dificultades el apreciar el obstáculo.*
  - *No hubo ninguna maniobra infractora por parte del conductor.*
- **A enxeñeira municipal en informe emitido na data 13/02/2025, afirma que non tivo constancia do accidente polo que se reclama, pero asegura que a valla é de propiedade municipal, aínda que non foi colocada polos operarios do departamento de obras, senón probablemente polo departamento de cultura por mor das festas da Dorna.**

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo matrícula 7219HZB e o funcionamento do servizo municipal. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 18/03/2025, e visto o informe emitido ao respecto polo Inteventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 18/03/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. MANUEL CASTIÑEIRA CAAMAÑO, en nome e representación de D. JOSÉ LUIS CAMPAÑA IGLESIAS e da entidade aseguradora LIBERTY SEGUROS S.A., polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 605,93 € mais os xuros que legalmente lle correspondan, que se abonará da forma seguinte:**

- **O Concello de Ribeira abonará a contía de 150 € ó Sr. José Luis Campaña Iglesias, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro suscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas.**



- A aseguradora abonará a contía restante, isto é, 455,93 €, mais os xuros que legalmente lle correspondan, da seguinte forma:
  - Ó Sr. José Luis Campaña Iglesias, a contía de 50 €.
  - Á entidade LIBERTY SEGUROS SA a contía de 405,93 €.

**14.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DEL CARMEN PAZOS VARELA, EN NOME E REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE ASEGURADORA PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES POLOS DANOS SUFRIDOS NO ESTABLECEMENTO OPTICALIA POR MOR DO DEFICIENTE FUNCIONAMENTO DA REDE DE SANEAMIENTO. EXPEDIENTE 2024 RESP000008.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DEL CARMEN PAZOS VARELA, en nome e representación da entidade PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

Primeiro.- O día 28 de outubro de 2023, o local sito na Praza do Concello 1 do municipio de Ribeira, asegurado da entidade Plus Ultra Seguros Generales e destinado ó establecemento “*Opticalia*”, sufriu unha inundación, ocorrida como consecuencia do retorno das augas procedente do sumidoiro municipal, ó non ser capaz de evacuar as choivas caídas. A consecuencia da referida inundación sufriu determinados danos valorados na contía de 890 €.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 20/01/2024 co número 202400002323, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Pazos Varela, en nome e representación de PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos pola mencionada inundación que ascenden á contía antes referida de 890 €, e que a entidade reclamante vincula ó mal estado da rede de saneamento ó ser incapaz de evacuar as choivas caídas ese día.

Co seu escrito achega a seguinte documentación: escritura de substitución de poder de data 19/06/2007, autorizada polo Notario de A Coruña, D. Víctor José Peón Rama, co número 1.136 de protocolo; póliza de seguros do local sito na Praza do Concello 1; informe pericial realizado na data 30/10/2023; informe meteorolóxico; nota de prensa do “*Diario de Arousa*”; e xustificante do abono da contía de 890 € realizada pola aseguradora ó seu asegurado.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido na data 21/01/2025 pola Policía local do Concello de Ribeira; informe emitido pola entidade Viaqua, rexistrado de entrada na data 28/01/2025 co número 202500002101; acta testemuñal realizada na data 30/01/2025; informe emitido na data 04/02/2025 polo capataz do grupo de atención de emerxencias municipal; e informe emitido na data 11/02/2025 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que a entidade reclamante



presentou escrito de alegacións, rexistrado de entrada na data 03/03/2025 co número 202500005017, no que reitera a súa petición inicial.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

#### SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral



Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **a entidade reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **a entidade PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ter asumido o custo de reparación dos danos do inmovible afectado, como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *“El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización”*

Esta última, actúa representada por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Pazos Varela, que acredita debidamente a súa representación mediante escritura de substitución de poder de data 19/06/2007, autorizada polo Notario de A Coruña, D. Víctor José Peón Rama, co número 1.136 de protocolo.

**A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, por ser o titular da rede de saneamento**, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 c) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de *“abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais”*, debendo prestar, en todo caso, o servizo de *“abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro”*.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no local sito no número 1 da Praza do Concello, destinado ó establecemento *“Opticalia”*. Así se deduce do informe pericial que achega a entidade reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os seus danos ó mal estado da rede de saneamento ó ser incapaz de evacuar as choivas caídas na data 28/10/2023.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A Policía Local do Concello de Ribeira emite informe na data 21/01/2025 no que dispón que: *“(…) sí hay constancia de que ese día haya habido algún bajo perjudicado por la entrada de agua a consecuencia del temporal de*



viento y lluvia puesto en conocimiento por el servicio de emergencias 112, si bien, **no es posible determinar si el interesado reclamante está entre los perjudicados, ya que ante el aluvión de servicios atendidos ese día, no fue posible realizar las comprobaciones oportunas**".

- A entidade VIAQUA S.A.U, en calidade de entidade concesionaria do servizo de saneamento municipal, no seu informe rexistrado de entrada na data 28/01/2025, dispón o seguinte: **"VIAQUA ten coñecemento das condicións climatolóxicas e incidencias ocorridas no concello de Ribeira o sábado día 28 de outubro de 2023 en relación co servizo municipal de auga; data na que se produciu a inundación do local sito na praza do Concello 1 de Ribeira (OPTICALIA), ó cal se refire este informe. O devandito día, sábado 28 de outubro en torno ás 15:00 h. da tarde, persoal do servizo municipal de augas do concello de Ribeira persóase na avenida de Rosalía de Castro debido a diferentes avisos, entre eles os do GAEM (Grupo de Apoio a Emerxencias) do propio concello de Ribeira. **No momento da inspección os operarios do servizo municipal de augas constatan que tódolos sumidoiros existentes, tanto na Rúa Rosalía de Castro como na Rúa de Galicia, atópanse perfectamente localizables e non están atrancados con ningún tipo de residuo que puidera impedir o drenaxe da auga da chuvia que es estaba a producir. Tamén constatan que nese preciso momento tanto ditos sumidoiros coma as canles xerais de drenaxe urbano existentes son incapaces de asumir a cantidade de auga de chuvia e de escorrentía que se está a producir. Esta circunstancia dáse principalmente debido a que as chuvias ocorridas durante o día 28 de outubro tiveron un carácter excepcional (de mais de 10 litros por metro cadrado en apenas 10 minutos), tal e como se recolle na prensa desa data, e ó ser coincidentes coa pleamar impediron que a auga xerada nas rúas da cidade puidera ser desaloxada cara o mar de maneira axeitada. (...)"****
- No departamento de obras públicas do Concello de Ribeira non se tivo constancia do sucedido, dispoñendo a enxeñeira municipal o seguinte: **"(...) La causa probable del suceso es la que indica la entidad Viaqua en el informe emitido en este expediente, es decir, un episodio de intensas lluvias en muy poco tiempo, unido a la existencia de pleamar, **ya que no se ha detectado deficiencia alguna en el funcionamiento de la red de saneamiento, ni se ha recibido ninguna queja por el mismo. (...)** Por parte del departamento de obras no se ha realizado ninguna actuación por dos motivos: primero porque no había nada que reparar, y segundo porque como ya he dicho, el mantenimiento de la red de saneamiento corresponde a la entidad VIAQUA".**
- O capataz do GAEM RIBEIRA (Grupo de Atención Emerxencias Municipal) informa que na data 28/10/2023 non tiñan servizo activo, polo que non foron mobilizados a ningunha incidencia, e tampouco tiñan constancia do sucedido no local de Opticalia.
- A testemuña proposta pola parte reclamante, afirma que soubo da inundación por información do seu superior, e que a inundación foi no soto,





sen que afectase á zona da óptica de atención ó público, pero descoñece os motivos polos que sucedeu a mencionada inundación.

Da análise das probas referidas, extraemos a seguinte conclusión: **que non se ten suficientemente demostrado a existencia de nexo de causalidade entre os danos polos que se reclama e o estado da rede municipal de saneamento do Concello de Ribeira.** Así, nin a Policía local, nin o grupo municipal de emerxencia puideron comprobar o sucedido no local de Opticalia na data 28/10/2023; a testemuña do sucedido non estaba no momento de sucederse a mesma e descoñece os motivos polos que se produciu; e os informes emitidos pola Viaqua (que si estivo inspeccionando a rede de saneamento na data do accidente ó ser coñecedora das incidencias que se estaban a producir) e pola enxeñeira municipal son contestes en afirmar que non existía ningún tipo de deficiencia na rede municipal de saneamento, e que a causa foi un episodio de intensas chuvias en moi pouco tempo, unido á existencia de pleamar.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 20/03/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Pazos Varela, en nome e representación da entidade PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES, polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

#### 15.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D<sup>a</sup> ENCARNACIÓN ARNOSO FERNÁNDEZ POLAS LESIÓNS SUFRIDAS NA PISCINA MUNICIPAL Ó SER GOLPEADA POLAS ALETAS DUN BAÑISTA. EXPEDIENTE 2023 RESP000026

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D<sup>a</sup> ENCARNACIÓN ARNOSO FERNÁNDEZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

#### FEITOS

**Primeiro.-** O día 18 de maio de 2.023, D<sup>a</sup> Encarnación Arnos Fernández, con DNI número 33.248.164-P, atopábase nadando na piscina municipal do Concello de Ribeira, cando outro usuario que pasaba polo seu lado, golpeoulle fortemente na cara cunha das súas aletas, ocasionándolle diversas lesións das que tivo que ser atendida no servizo de urxencias do CHUS para ser valorada polo servizo de oftalmoloxía, onde foi diagnosticada de *“desprendemento vítreo hemorráxico e hemorraxia intrarretiana periférica en ollo dereito.”*

**Segundo.-** Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 27/06/2023 co número 2023 00015772, D<sup>a</sup> Encarnación Arnos Fernández, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas debido ó golpe recibido, alegando un funcionamento anormal do servizo público da piscina municipal, por canto se permitiu a actuación dun bañista con aletas polo mesmo carril polo que ela estaba a nadar.

Co citado escrito, no que cuantifica provisionalmente a indemnización solicitada na contía total de 25.000 €, achega a seguinte documentación: autorización a favor de D. Juan Pardavila Figueirido para poder presentar no seu nome a reclamación antes mencionada;



informe de alta de urxencias emitido polo Hospital da Barbanza; informe médico do servizo de oftalmoloxía do CHUS emitido na data 22/05/2023; informe médico do servizo de oftalmoloxía do CHUS emitido na data 29/05/2023; e informe médico do servizo de oftalmoloxía do CHUS emitido na data 12/06/2023.

**Terceiro.-** Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 06/06/2023 polo socorrista Sr. Muñiz Sanisidro.
- Informe emitido na data 20/03/2024 polo xerente de actividades deportivas do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 14/02/2025 pola socorrista Sra. Vidal Regueira.
- Informe médico presentado pola reclamante mediante escrito rexistrado de entrada na data 17/04/2024 co número 202400009530.

**Cuarto.-** Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte da reclamante, realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/03/2025 co número 2025 00005785, no que se reitera a postura mantida no seu escrito inicial, e precisa a indemnización solicitada na contía de 10.063,14 €, que desglosa nos seguintes conceptos:

- 1.609,14 € por 26 días de prexuízo moderado.
- 8.454 € por 9 puntos de secuelas.

Así mesmo, a entidade Mapfre, en concepto de entidade aseguradora do Concello, e polo tanto parte interesada no expediente, achega escrito de data 11/03/2025 no que conclúe que non existe responsabilidade por parte da administración municipal.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

### Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.



De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou, no seu caso, as normas orzamentarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, está lexitimada a Sra. Arnosó Fernández para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende, por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na data 18/05/2023, cando se atopaba nadando na piscina municipal, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, dado que o dano atribúese ó anormal funcionamento do servizo da piscina municipal. A este respecto pode traerse a colación o artigo 25.2, apartado l) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, conforme ó cal o municipio ostenta a competencia relativa a "*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre*". En todo caso, existise ou non tal precepto, o resultado sería o mesmo, tratándose dunha instalación municipal.

#### FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 28/03/2025  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/03/2025  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/03/2025 11:37:28



Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas pola Sra. Arnosó Fernández Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexos de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións cun defecto na vixilancia do uso adecuado do material deportivo polos usuarios da piscina.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- O socorrista que prestaba servizo na piscina municipal na data e hora do accidente**, D. José Rubén Muñiz Sanisidro, en informe realizado na data 06/06/2023 dispón o seguinte *“Como es habitual, sobre esa hora, suelen entrar al curso de natación los alumnos de la asociación AMBAR, por lo que tienen reservadas las CALLES 1 y 2. Se suele dar un tiempo prudencial para que los usuarios que están ocupando esas calles tengan tiempo para dejar libre las calles 1 y 2 y se ubiquen en otras, algunos de ellos suelen aprovechar para irse al vestuario o al spa, otros suelen preguntar al socorrista donde se pueden ubicar y otros suelen hacerlo de forma voluntaria. En ese momento las calles quedan de la siguiente manera: 2 para asoc. Ambar, 1 para nado lento, 1 para nado rápido y 2 para nado libre. Los usuarios de la piscina suelen concentrarse en solo 4 calles, por lo que lo normal es encontrarse entre 2 y 3 nadadores en la misma calle. La usuaria (afectada), tomó la decisión libremente de ubicarse en la calle que consideró oportuno, de forma voluntaria, porque en ningún momento me preguntó a mí, como socorrista, en que calle podría nadar. Como socorrista no aprecié en ningún momento que hubiera un incidente en el agua, en ninguna de las calles, tampoco no tengo conocimiento que ningún usuario se quejara por un golpe, incidencia, incomodidades entre usuarios .... La usuaria afectada (Encarna) no se acercó al puesto de SOS para explorar y valorar una posible lesión o herida y abrir, de este modo, una hoja de incidencias de lo ocurrido, o por lo menos poner en conocimiento al socorrista de lo sucedido y de esta manera tomar las medias adecuadas, de hecho me consta que la persona afectada ha seguido nadando libremente. No tuve conocimiento de ningún percance ocurrido ese día, me enteré del problema pasados unos 10 días, porque me lo había comentado un compañero de trabajo, inmediatamente me puse en contacto con Toño (conserje) por si tenía conocimiento de algún accidente ese mismo día por lo que la respuesta fue negativa.”*
- O técnico do departamento de deportes**, en informe emitido na data 20/03/2024, dispón o seguinte: *“O departamento de deportes Concello de Ribeira, tivo a primeira noticia da ocorrencia do accidente sufrido por Encarnación Arnosó Fernández, días despois de que se producira (non podemos concretar de maneira exacta ese momento, pero aproximadamente unha semana despois), a través de chamada telefónica feita pola propia reclamante. Nese momento pregúntase ó coordinador da empresa de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira, se ten constancia de tal suceso, ao que contesta que non. É a partir dese momento, e tendo en conta a información facilitada pola reclamante, é*



cando o departamento de deportes comeza a consultar ao socorrista e ao monitor que estaban traballando na instalación nese momento, se teñen constancia do sucedido. Argumentan o seguinte: Socorrista, José Rubén Muñiz Sanisidro, fai o informe de data 06/06/23 que se xunta a continuación (...).

**Monitor, Mariano Entrala Ciro, preguntado polo tema di: “Una señora que recién ingresaba a baño libre en la calle 3, mientras yo estaba de monitor de Ambar, dijo que fue golpeada por otro usuario que nadaba en su misma calle y usaba aletas. Le pregunté si necesitaba asistencia y me dijo que no y siguió nadando.”**

O departamento de deportes do Concello de Ribeira dispón do “Regulamento de utilización de instalacións deportivas municipais do Concello de Ribeira” o cal regula a utilización de todas as instalacións de titularidade municipal, incluída a piscina municipal da Fieiteira. O apartado que regula a utilización das aletas é: **NORMAS DE USO DA PISCINA MUNICIPAL – 16.5 O emprego de colchóns, flotadores, aletas ou calquera outro elemento que poida orixinar risco para os/as demais usuarios/as deberá se autorizado polo persoal de socorrismo.**

O organismo público que controla que se cumpran os requisitos necesarios para este tipo de instalacións (piscinas), é a Consellería de Sanidade dependente da Xunta de Galicia. **Na súa última visita o 19/12/23, non argumenta ningunha incidencia ao respecto da seguridade da instalación.**

A norma que regula a información que debe estar exposta ao público neste tipo de instalacións ven reflectida no DECRETO 103/2005, DO 6 DE MAIO, POLO QUE SE ESTABLECE A REGULACIÓN TÉCNICO SANITARIA DE PISCINAS DE USO COLECTIVO – Capítulo VI: Dos usuarios – Artigo 30 – Regulamento de réxime interno. (...)

**Dende o Departamento de Deportes do Concello de Ribeira, non podemos afirmar que houbera comportamento negligente, por parte da reclamante ou outras persoas, que influíra no accidente.”**

- **A socorrista M<sup>a</sup> José Vidal Regueira, en informe emitido na data 14/02/2025, dispón o seguinte: “El día del accidente sufrido por la Sra. Arnos Fernández entré a trabajar en la piscina antes que el socorrista José Rubén Muñiz Sanisidro, por lo que no estaba prestando servicio cuando sucedió la incidencia objeto de la reclamación. En relación con este asunto, solamente puedo indicar que la Sr. Arnos Fernández es usuaria de la piscina municipal desde hace bastante tiempo (ya era usuaria de la piscina antes de la pandemia), y que conoce el funcionamiento de esta, y es una persona que elije ella la calle en la que se mete. A este respecto, los socorristas no intervenimos, se deja a la decisión de cada usuario el optar por una calle u otra, según la destreza de cada uno. Con una excepción, y es que, si apreciamos que existe una diferencia entre los bañistas, en este caso si intervenimos y aconsejamos al bañista la calle más apropiada a su condición física o destreza. La Sra. Arnos Fernández, como ya he dicho, conoce perfectamente el funcionamiento de las instalaciones, y es una persona de costumbre fijas que siempre se mete en la misma calle, en concreto en la número 2. Suele venir sobre las doce de la mañana y a esa**





*hora no suele haber mucha gente en la piscina. Aun así y si la calle número 2 está ocupada y otras libres, no usa las calles que están libres, sino que se mete en la número 2. La reclamante estuvo sin venir a la piscina un tiempo desde que sucedió el accidente. Cuando volvió a la piscina, siguió metiéndose en la calle número 2, incluso cuando estaban otros bañistas en esos momentos y dichos bañistas estaban usando aletas. Por último, quisiera indicar que el uso de aletas en la piscina, así como flotadores, etc, es algo habitual. En la actividad diaria de la piscina municipal de Ribeira, son muchos los bañistas que hacen uso de estos elementos, que no son ajenos a la misma, ni son, por si solos, peligrosos para los bañistas, ni muchísimos menos, ni tampoco son generadores de conductas temerarias. Y es que lo decisivo, no son estos elementos por si mismos, sino como se utilizan por los bañistas. Y, en este sentido, y por lo general, el empleo de aletas, etc, por los bañistas de la piscina municipal de Ribeira suele realizarse con total diligencia. La conducta general de los usuarios suele ser correcta, sin que existan quejas o incidentes que deban resaltarse por el uso de aletas u otros elementos similares.”*

Da análise das probas referidas, extraemos as seguintes conclusións:

- Que na data 18/05/2023 a reclamante atopábase nadando na calle 3 da piscina municipal, destinada nese momento ó nado libre.
- Que na mesma calle estaba outro usuario nadando con aletas.
- Que a reclamante elixiu esta calle de forma voluntaria, sen consultar ó socorrista que nese momento estaba prestando servizo en que calle podía nadar.
- Que ó cabo dun tempo comunicou ó monitor de Ambar que foi golpeada por outro usuario que nadaba na mesma calle e que levaba aletas.
- Que o monitor preguntoulle se necesitaba asistencia e díxolle que non.
- Que a Sra. Arnoso Fernández, despois do incidente, continuou nadando.
- Que non dou parte do sucedido ó departamento de deportes ata días mais tarde.
- Que a instalación deportiva cumpría cos requisitos preceptivos para o seu bo funcionamento.
- Que o emprego de aletas, flotadores, etc, é algo habitual na actividade diaria da piscina municipal.
- Que estes elementos non son perigosos nin xeran condutas temerarias.
- Que a Sra. Arnoso Fernández, á día de hoxe, cando vai á piscina segue a nadar en calles nas que xa se atopan outros usuarios nadando con aletas.

Sentado o anterior, cómpre dicir que como xeralmente ocorre neste tipo de reclamacións, a viabilidade da pretensión formulada pola reclamante virá condicionada á demostración da existencia dunha relación directa entre o funcionamento do servizo público e o dano padecido, prescindido de toda consideración sobre a licitude ou ilicitude do obrar administrativo, por acción ou omisión, de maneira que se poida localizar no funcionamento do servizo a orixe do dano padecido, no sentido de que a eliminación da acción ou omisión, houbera evitado o resultado lesivo que motiva a reclamación.

A este respecto, hai que indicar que non está demostrada a vinculación de referencia nos termos antes mencionados, pola concorrencia dunha serie de circunstancias,





que non so en conxunto, senón incluso illadamente consideradas, impiden toda eventual construción do aludido nexo de causalidade.

Así, en primeiro lugar, hai que ter en conta que, tal e como se indica no informe do socorrista José Rubén Muñiz non contradito pola reclamante, esta tomou libremente a decisión de usar a calle que lle pareceu mais oportuna sen consultar ó socorrista que prestaba servizo nese momento, e que puido abandonar en calquera momento ó percibir o uso de aletas polo usuario que as levaba.

En segundo lugar, non pode compartirse a afirmación da reclamante de que non se lle asistise de forma algunha tralo suposto accidente, pois das declaracións do monitor Sr. Entrala Ciro dedúcese todo o contrario, sendo ela a que lle asegura ó monitor que non precisa de asistencia.

En terceiro lugar, hai que sinalar que o accidente sufrido non levou á reclamante á conclusión da necesidade de suspender a realización da actividade que estaba a practicar. Polo tanto, resultaría que o proceder unilateral da Sra. Arnos Fernández, tratándose dunha persoa adulta e co coñecemento do funcionamento da piscina municipal que se lle presume despois de anos sendo usuaria do citado servizo, despraza á súa esfera de imputabilidade toda consecuencia lesiva que das súas decisións unilaterais puideran derivarse.

Por último, cómpre advertir que a practica de toda actividade deportiva implica unha inexorable carga incidentalmente lesiva, de maneira que todo deportista está exposto indefectiblemente á eventualidade do padecemento que afecte á súa integridade física ou á súa saúde. Neste sentido, o que é esixible do servizo público que asume tal prestación é o establecemento das adecuadas medidas de seguridade das instalacións ou utensilios empregados, así como a información ós usuarios de dito servizo daqueles riscos mais significativos da práctica da actividade, pero o que non se pode agardar do servizo é a asunción das lesións que poidan acaecer pola materialización práctica da actividade deportiva, lesións que, cando a Administración teña observado as obrigas que lle competen no desenvolvemento do seu servizo, deberán ser asumidas polos particulares, porque non teñen a súa orixe no funcionamento do servizo.

En conclusión, non existindo unha conexión entre o servizo público da piscina municipal e as lesións que asegura padecer a reclamante, carece de viabilidade a pretensión exercitada.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 24/03/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D<sup>a</sup> Encarnación Arnos Fernández, polas lesións sufridas na piscina municipal ó ser golpeada polas aletas dun bañista, polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.**



**16.- VAO PERMANENTE – Noelia Lustres Martínez**

**Visto** o escrito presentado por **Noelia Lustres Martínez**, de data 19/03/2025 (Registro de entrada nº 6.589), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa do Carreiro, nº 9 (Aguiño).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 22/03/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Noelia Lustres Martínez**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa do Carreiro, nº 9 (Aguiño), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela na beirarrúa de enfrente ao garaxe, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

**17.- MODIFICACIÓN DE REPRESENTANTE DA COMPARSA “LA MUDANZA” – CONCESIÓN DE PREMIOS E GRATIFICACIÓNS DO FESTIVAL DE MURGAS E COMPARSAS DO ENTROIDO 2025**

**Vista** a proposta de resolución presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 19/03/2025, relativa á modificación de representante da comparsa “la mudanza” – Concesión de premios e gratificacóns do Festival de Murgas e Comparsas do Entroido 2025, e na que expón:

- “
- *En sesión celebrada en data 06 de marzo do 2025, a Xunta de Goberno Local aprobou a CONCESION DE PREMIOS E GRATIFICACIÓNS DO FESTIVAL DE MURGAS E COMPARSAS DO ENTROIDO 2025.*
  - *Con data 19 de marzo de 2025, recíbese no rexistro xeral do Concello de Ribeira, instancia nº20256581 a nome de Orlando González Cruz (\*\*\*479\*\*\*), representante da comparsa “La Mudanza” da escola de baile El Tomasón, solicitando que se mude a representación de dita comparsa e que, polo tanto, o abono da gratificación correspondente pola participación se realice a Saray Boo Piñeiro (DNI: \*\*\*852\*\*\*) con número de Iban bancario \*\*\*\*\**
- Dado que esta comparsa actuou durante o Festival de Murgas, realizando a súa inscrición en tempo e forma, e lle corresponde recibir o importe da gratificación (...)*”

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Aprobar mudar a representación desta comparsa “La Mudanza” e que a gratificación sexa abonada á persoa indicada na instancia recibida o 19/03/2025 como segue:**

COMPARSA “LA MUDANZA”	Representante: Saray Boo Piñeiro	DNI: ***852***	Importe: 200 €
-----------------------	-------------------------------------	-------------------	-------------------



## 18.- ADHESIÓN AO CONVENIO VELUTINA 2025

Visto o “CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2025”, asinado por Diego Calvo Pouso (Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes), e por Alberto Varela Paz (Presidente da FEGAMP), na data 4 de marzo de 2025, mediante o que se pretende a coordinación de actuación no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (*Vespa velutina*) en 2025.

Visto que o convenio constitúe o marco xurídico xeral de todas as entidades locais galegas que manifestaron a súa vontade de manterse adheridas no ano 2025 coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento da *Vespa velutina*, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola, tendo tamén repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá.

Visto que todas entidades locais galegas, que se relacionan no Anexo I, deberán formalizar a súa adhesión mediante a cobertura do protocolo do Anexo II no prazo máximo dun mes dende a sinatura do presente convenio de colaboración.

Vistos os compromisos para os entes locais, recollidos expresamente na cláusula oitava:

*“Con carácter xeral, coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, as entidades locais de Galicia adheridas ao presente convenio, comprométense a:*

- *Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións de retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de Vespa velutina, a requirimento da Xunta de Galicia ou por propia iniciativa.*
- *Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de Vespa velutina da Xunta de Galicia.”*

Visto que resulta de interese para o Concello de Ribeira manterse adherido ao mencionado convenio no ano 2025.

Vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 18/03/2025.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presents, adopta o seguinte **acordo**:

- **Formalizar a adhesión deste Concello ao CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2025, mediante a cobertura do protocolo do Anexo II e a súa remisión ao enderezo de correo electrónico [rexistro@fegamp.gal](mailto:rexistro@fegamp.gal).**



**19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA –  
Manuela Pérez Pouso (PEDRA PATEIRA)**

**Visto** o escrito presentado por **Manuela Pérez Pouso** en representación establecimiento “Pedra Pateira” (Ribeira), de data 20/03/2025 (Registro de entrada nº 6.647), no que solicita permiso para evento musical no establecimiento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 29/03/2025, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** acusar recibo da súa solicitude.

**20.- INFORME/PROPOSTA DE SINALIZACIÓN EN PRAZA DE CARREIRA**

**Queda sobre a mesa** o informe/proposta emitido pola Policía Local, de data 15/03/2025, no que pon de manifesto que na praza de xogos (peonil) situada ao carón do Campo de Fútbol da Guía de Carreira, durante os fin de semana e días de entrenamiento se atopan estacionados sobre as beirarrúas, paseos e zonas peonís unha multitude de vehículos, o cal é una infracción de tráfico (art. 94.2e do Regulamento Xeral de circulación).

**21.- SOLICITUDE CONSULTA DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E  
SOSTIBILIDADE NA AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL SIMPLIFICADA**

Asunto:	Consulta da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade na avaliación de impacto ambiental simplificada
Proxecto:	CENTRO DE ALMACENAMIENTO TEMPORAL DE RCD NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS
Documento ambiental:	“DOCUMENTO DE EVALUACIÓN AMBIENTAL DE RECICLAJE DE PALÉS Y GESTOR DE ALMACENAMIENTO DE RESIDUOS”
Autor:	José Manuel Pena Alonso, Enxeñeiro Técnico Agrícola, colexiado núm. 1.985 do C.O.I.T.A.AC
Data:	Novembro de 2024
Promotor:	SERVIPAL RECICLAXES, S.L.
Localización:	Avda. Ramiro Carregal Rey, Polígono Industrial de Xarás, Ribeira (A Coruña)
Clave:	2024/0032

**Visto** o escrito achegado pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, asinado polo Técnico do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, de data 17 de marzo de 2025 (entrada núm. 6.348), mediante o que se efectúan consultas ao Concello no procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada ao abeiro do establecido no artigo 46 da *Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental*, en relación co proxecto referido na táboa resumo inicial.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 21 de marzo de 2025.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** dar traslado á administración solicitante dunha copia do referido informe aos efectos oportunos e toma en consideración.



---

**22.- ACHEGA CONCEDIDA Á FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)**

**Vista a proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Dinamizador da Sala-Museo Municipal de Ribeira, Miguel Ángel Vidal Lojo, de data 24/03/2025, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital.

**Visto** o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/03/2025.

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, por importe de 15.500,00 € en concepto de subvención.

---

**23.- ACHEGA CONCEDIDA A JUAN RAMÓN MILLARES VILAR (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)**

**Vista a proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 20/03/2025, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Juan Ramón Millares Vilar, co obxecto de corrixir un erro á hora de rexistrar as solicitudes “Becas a Deportistas Individuais”.

**Visto** o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/03/2025.

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Juan Ramón Millares Vilar, por importe de 500,00 € en concepto de subvención.

---

**24.- ACHEGA CONCEDIDA A ADRIÁN E MARTA BLANCO DOMINGUEZ (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)**

**Vista a proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 20/03/2025, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Rosa María Domínguez Rego en representación de Adrián e Marta Blanco Domínguez, co obxecto de impulsar o deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao patinaxe artístico.



**Visto** o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/03/2025.

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

